

## CIRCULAR Nº9

## FIN DE CURSO

Estimados pais e nais: Poñémonos en contacto con vostede para transmitirllas información relevante relacionada cos seguintes temas:

**-O CENTRO PERMANECERÁ ABERTO** durante o mes de **xuño** no horario normal. No mes de **xullo** estará aberto **dende o día 1 ata o 19 en horario de 10:00 h a 13:00 h**.

**-TELÉFONO 881938107** (días co centro pechado).

### **-ENTREGA E RECLAMACIÓN ÁS NOTAS**

O alumnado de ESO recollerá as notas o **xoves 27 de xuño** ás **12:00 h** e, unha vez recibidas, poderá xa formalizar a matrícula: **PRAZO DE MATRÍCULA do 27 de xuño ata o 07 de xullo**.

As reclamacións ás notas poderán facerse os **días 27 de 12:00 h a 14:30 h** e o **28 de xuño de 10:00 h a 13:30 h**.

### **-FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA**

**Todo o alumnado deberá acompañar 1 fotografía.**

Alumnado de EI e EP, do **20 ao 30 de xuño**. Alumnado de 6º de EP que promocióne a 1º da ESO ten de prazo dende o **27 de xuño ata o 07 de xullo** para presentar a formalización de matrícula.

Alumnado de 1º, 2º, 3º, e 4º da ESO ten de prazo dende o **27 de xuño ata o 10 de xullo** para presentar a formalización de matrícula.

Alumnado de 3º e 4º da ESO: Todo o alumnado que vaia cursar 3º ou 4º da ESO no curso 2024/25 deberá abonar a cota do Seguro Escolar correspondente ao próximo curso. Esta cota é de 1,12 € e deberase ingresar na ABANCA na conta núm. ES21 2080-0213-51-3040003404 e presentar no centro o resgardo de pago.

Tamén deberán presentar unha copia do DNI. É imprescindible para poder facer os trámites administrativos relacionados coa súa xestión académica.

Deben entregar **xunta** toda a documentación necesaria para a formalización da matrícula. No caso contrario, non a recolleremos.

## CIRCULAR Nº9

## FIN DE CURSO

### **RECOLLIDA LIBROS DE TEXTO e PORTÁTILES EDIXGAL**

### **IMPORTANTE!!!!**

**Antes do venres 21 de xuño**, todo o alumnado deberá **entregar ao seu titor/a** (e deixar na súa aula) os libros de texto que foron entregados co **fondo libros ou coa axuda libros**.

**RECOLLIDA DE PORTÁTILES EDXIGAL:** **Antes do venres 21 de xuño**, os alumnos/as que rematen 4º da ESO ou marchen do centro **deberán entregar ao seu titor ou titora** (e deixar na súa aula) os portátiles que teñen outorgados en préstamo.

---

### **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

**TRANSPORTE:** Todo o alumnado que desexe facer uso do transporte escolar e non teña dereito a el, por ser de fóra de zona de escolarización ou por ter o seu domicilio a menos de 2 km do centro educativo, terá que presentar a solicitude de utilización no colexio. O centro remitiraa a Xefatura Territorial nun envío único, polo que todas as solicitudes deberán presentalas antes do **día 07 de xullo**. Lembrámoslles que o prazo para solicitar modificacións de itinerarios ou de paradas nas rutas de transporte escolar é do **20 de xuño ao 30 de xuño** para EI e EP, e do **27 de xuño ao 07 de xullo** para ESO.

#### **COMEDOR:**

##### **-PAGAMENTO DO COMEDOR DO MES DE XUÑO:**

Os contribuíntes de comedor deben pasar a partir do **MARTES 25 DE XUÑO** para recoller os impresos de pagamento correspondentes ao mes de xuño.

O alumnado que queira facer uso do servizo de comedor abonará, en función dos seus ingresos, as seguintes cantidades: 0€, 1€, 2,50€ ou 4,50€. Por isto é preciso que, xunto coa documentación de formalización de matrícula, entreguen o modelo de autodeclaración dos ingresos obtidos no **ano 2023**, para que se poida baremar no Consello Escolar.

##### **-COLABORADORES DE COMEDOR**

Ábrese o prazo o día **25 de xuño** para presentar solicitudes como colaborador/a de comedor. As persoas interesadas, membros da comunidade educativa, poden coller o impreso para presentar a solicitude na secretaría do centro.

As persoas seleccionadas recibirán unha gratificación por día de asistencia ao comedor. Esta gratificación pagarase en tres períodos e sobre ela practícaranse as retencións oportunas.

Aproveitamos a ocasión para desexarlles unhas felices vacacións e para agradecerlles a súa colaboración para o bo funcionamento do colexio.

Un saúdo

A dirección



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33  
15552 Valdoviño  
Teléfono:881 938 107  
cpi.atios@edu.xunta.gal

**CIRCULAR Nº9**

**FIN DE CURSO**